

REGULAMENTO PARA A MATRÍCULA, ELABORACIÓN E DEFENSA DO TRABALLO FIN DE MESTRADO UNIVERSITARIO (TFM) NA FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN

1. Obxecto e ámbito de aplicación

A Normativa reguladora da matrícula e a defensa do Traballo fin de Mestrado Universitario¹, aprobada polo Consello de Goberno da UDC de 19 de decembro de 2013, e modificada por posteriores acordos do Consello de Goberno de esta Universidade, nas seguintes datas: 30 de abril e 24 de xullo de 2014; 29 de xaneiro de 2015; e 28 de xuño de 2016, establece que cada centro elaborará e aprobará un regulamento específico para os TFM que deberá respectar as directrices para a elaboración dos regulamentos relativos ao Traballo de Fin de Mestrado da UDC.

O Estatuto do Estudante Universitario establece no artigo 27: «Os proxectos de fin de carreira, traballos de fin de grao e mestrado, así como as teses de doutoramento, rexeranse pola súa normativa específica»².

Neste contexto, e coa finalidade de unificar os criterios e procedementos para garantir unha actuación homoxénea á hora de planificar e avaliar os Traballos de Fin de Mestrado (en diante TFM) deste centro, establécense as seguintes normas de carácter xeral. Isto, sen prexuízo das posibles particularidades de cada título do centro, que necesariamente deberán ser atendidas e convenientemente reguladas e publicadas como anexos a este regulamento.

2. Órganos de control e seguimento do TFM

2.1. O contido deste regulamento complétase co resto de regulamentacións e procedementos da UDC que se atoparen en vigor.

2.2. A Xunta de Centro delegará na Comisión de Organización Académica de cada Máster as seguintes tarefas:

¹ Esta normativa desenvólvese en virtude do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (BOE nº 260, de 30 de outubro de 2007). Modificado polo Real Decreto 861/2010, de 2 de xullo (BOE nº 161, de 3 de xullo de 2010).

² Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario (BOE n.o 318, de 31 de decembro de 2010).

- a) a xestión dos TFM;
- b) establecer o calendario de defensa dos TFM en cada curso académico, dentro do marco de datas estipuladas polo Consello de Goberno da UDC;
- c) velar polo cumprimento do calendario de defensa dos TFM;
- d) velar pola aplicación deste regulamento e resolver as situacións extraordinarias que excepcionalmente puideren xurdir na aplicación do mesmo.

2.3. A Comisión de Organización Académica do Máster designará un Comité coordinador de TFM, formado por tres persoas: o responsable da titulación, o coordinador do mestrado correspondente, e un profesor do mestrado que exerza como secretario. As súas tarefas incluírán a asignación de directores e tribunais, así como a validación das propostas de TFM que lle sexan remitidas.

3. Natureza e características do TFM

3.1. O TFM supón a realización de maneira individual ou en grupo, en función da especialización do máster, dun traballo, baixo a supervisión dun ou máis directores, no que se reflicta que se teñen acadado as competencias da titulación. No caso de que a Comisión de Organización Académica do Mestrado considere oportuno que os traballos se realicen en grupo, tal e como se indica na normativa reguladora da matrícula e a defensa do Traballo Fin de Grao (TFG) e do Traballo Fin de Mestrado (TFM) no artigo 2.1., *“O traballo en grupo ten que ser fundamentalmente un proxecto coordinado, no que exista unha clara delimitación de tarefas entre os membros do grupo, de xeito que sexa perfectamente avaliable a participación de cada estudante no resultado global. A cualificación e o título do traballo será sempre individual para cada estudante”*.

3.2. No TFM deben integrarse e desenvolverse os contidos formativos recibidos, así como as capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o periodo de docencia do mestrado.

3.3. A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual corresponderalle a quen o realice, segundo queda recollido no apartado h) do artigo 8 do RD 1791/2010 do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario, salvo que se establecese doutra maneira no documento de asignación do TFM que cada estudante debe asinar, nos termos e coas condicións previstas na lexislación vixente.

3.4. No momento de depósito do TFM, os/as alumnos/as poderán autorizar a difusión, publicación ou reprodución do traballo. No caso de que o/a autor/a do TFM non autorizase o depósito e a publicación deste no RUC, entre outras por razóns de confidencialidade, deberá solicitálo previamente ante a correspondente comisión de TFM, que resolverá en cada caso.

4. Matrícula do TFM

4.1. A matrícula do TFM realizarase dentro do prazo xeral para matrícula ordinaria que estableza a UDC, efectuando o abono dos prezos públicos que correspondan, conforme aos créditos que teña asignados.

4.2. Para poder formalizar a matrícula do TFM será requisito imprescindible matricularse tamén de todas as materias necesarias para rematar o plan de estudos do mestrado.

4.3. A matrícula dará dereito á defensa do TFM en dúas oportunidades no curso no que estea matriculado o alumno, e sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación.

4.4. No caso de que o/a estudante non obteña avaliación positiva, non concorra a ningunha das oportunidades da convocatoria ou non reúna os requisitos para presentar o traballo, deberá formalizar unha nova matrícula noutro curso académico e aboar os prezos públicos correspondentes aos créditos do TFM para poder dispor dunha nova convocatoria.

5. Realización do TFM

5.1. Poderán ser obxecto dun TFM todos aqueles proxectos no ámbito do título correspondente, e nos que se sintetizaren as competencias adquiridas nas correspondentes ensinanzas.

5.2. Os alumnos/as poderán propor o tema do seu TFM aos/ás membros do Comité coordinador de TFM.

5.3. O Comité coordinador de TFM tamén poderá propor temas concretos ou liñas xenéricas.

5.4. Para as propostas dos alumnos que sexan rexeitadas, o Comité coordinador do TFM dará indicacións aos estudantes para a modificación ou rebrandaxe das mesmas, que deberán ser presentadas de novo no prazo que se lles indique.

5.5. Poderán realizarse TFM en colaboración con empresas, institucións públicas ou privadas, centros tecnolóxicos ou universidades.

5.6. O TFM poderá estar realizado en calquera dos idiomas empregados na impartición do título obxecto do traballo, dacordo co disposto na memoria de verificación do título.

6. Dirección do TFM

6.1. Tódolos TFM terán asignado un/unha director/a académico/a, que deberá cumprir a dobre condición de ser profesor do mestrado, e pertencer aos departamentos con docencia no plan de estudos do título obxecto do traballo. No caso dos mestrados nos que así se recolla na súa memoria de implantación, os TFM tamén deberán ter un director ou titor do ámbito profesional.

6.2. O/As directores/as dos TFM serán responsables de:

- a) Expoñerlle ao alumnado as características do traballo, e orientalo no seu desenvolvemento.
- b) Realizar o seguimento da elaboración do TFM e velar polo cumprimento dos obxectivos fixados.
- c) Autorizar a presentación e defensa do TFM.

6.3. A asignación de directores será levada a cabo seguindo un destes dous procedementos:

- a) Por acordo entre os estudantes e o profesor e o profesional (de ser necesario) que os han de dirixir. Neste caso, os estudantes presentarán unha proposta breve de proxecto ao Comité coordinador do TFM que tras estudar a súa validez autorizará, no seu caso, o desenvolvemento do mesmo.
- b) Por asignación por parte do Comité de coordinación de TFM. Neste caso os estudantes presentarán unha proposta breve de proxecto ao Comité coordinador do TFM que, tras estudar a súa validez e a adecuación do tema ao perfil e liñas propostas do profesorado dispoñible para a súa dirección, autorizará no seu caso o desenvolvemento do mesmo.

6.4. Finalizado o procedemento anterior, o órgano competente publicará unha listaxe definitiva de directores de TFM. Calquera modificación posterior terá que efectuarse de común acordo entre o alumnado e o profesorado afectado, e en calquera caso sempre previa notificación do acordo alcanzado ao Comité coordinador de TFM.

7. Depósito e defensa do TFM

7.1. O alumnado que superase a totalidade dos créditos da titulación, agás os propios do TFM, poderá depositar o TFM para a súa defensa.

7.2. O estudante debe solicitar a defensa do TFM a través da secretaría virtual dentro do prazo establecido para cada convocatoria. O impreso xerado tras a solicitude deberá ser entregado na administración do centro xunto co TFM.

7.3. Nas titulacións de Mestrados Universitarios de 60 e de 120 créditos ECTS, a primeira oportunidade de defensa e avaliación dos TFM realizarase nos meses de maio/xuño/xullo. A segunda oportunidade de defensa e avaliación dos TFM realizarase nos meses de xullo/setembro. En tódolos casos, a Facultade respectará as datas límite que consten no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno para a sinatura e entrega de actas.

7.4. Cando concorran circunstancias excepcionais que o alumnado acredite documentalmente, poderá formular unha solicitude de defensa extraordinaria, fóra dos prazos establecidos. Esta solicitude deberá entregarse na Administración da Facultade e será resolta polo correspondente Comité coordinador do TFM.

7.5. O/a estudante pode solicitar, de modo excepcional, defender o TFG de forma non-presencial. A súa solicitude, suficientemente motivada e acreditada nos extremos que correspondan, deberá dirixila ao Presidente da Comisión de Planes de Estudo, delegada do Consello de Goberno, para que sexa resolta por este órgano que comprobará que se dan as condicións legais, técnicas, administrativas e económicas necesarias.

8. Avaliación dos TFM

8.1. A guía docente correspondente ao TFM de cada mestrado establecerá os procedementos de defensa destes, así como os criterios de avaliación en cada modalidade que se permita, dacordo co disposto no plan de estudos de cada título e co

acordado pola Comisión Académica do mestrado. En calquera caso, e como norma xeral, establécese o seguinte procedemento.

8.2. A avaliación dos TFM realizarase por tribunais nomeados e constituídos ao efecto. Os tribunais de avaliación configuraranse da forma que estableza a Xunta de centro ou, no seu caso, a Comisión que teña as competencias delegadas, segundo o número de alumnos matriculados e a temática dos diferentes TFM que se presenten.

8.3. O tribunal estará constituído por tres persoas e os correspondentes suplentes. Os membros do tribunal deberán ser profesores do máster. En función das características do máster, tamén será necesario que no tribunal estean representados destacados membros da industria.

8.4. Cada tribunal contará cunha persoa que o presida e outra que exerza como secretario/a, designadas ambas de acordo cos criterios que estableza a Comisión de Organización Académica do Máster. O resto dos membros terán a consideración de vogais.

8.5. O/a director/a do TFM non poderá formar parte do tribunal.

8.6. Se o tribunal estima oportuno aceptar o TFM para a súa defensa, o/a alumno/a deberá expor e defender o seu traballo durante un tempo máximo definido pola comisión. A exposición e defensa do TFM será pública. A continuación os membros do tribunal poderán facer as preguntas que consideren oportunas para cualificaren o TFM durante un tempo máximo definido pola comisión.

8.7. Concluída a exposición e oídas as respostas do/a alumno/a, os membros do tribunal determinarán a cualificación que corresponda ao TFM. Á hora de cualificar o TFM o tribunal valorará os aspectos que deberán estar definidos na guía docente. A cualificación do TFM comunicaráse a cada un dos alumnos unha vez consensuada a nota polos membros do tribunal, e redactarase unha acta individual para tal efecto. Esta cualificación outorgarase en función da escala numérica establecida no Real Decreto 1125/2003, de 0 a 10, con expresión dun decimal, á que terá que engadírselle a correspondente cualificación cualitativa.

8.8. O alumno que obteña unha cualificación igual ou superior a 9,0 puntos, segundo o criterio do tribunal avaliador, poderá acceder á mención de matrícula de honra.

8.9. No caso de que o/a alumno/a obteña unha cualificación de suspenso, o tribunal faralle chegar un informe coas recomendacións oportunas para a mellora do traballo e a súa posterior avaliación e defensa. Enviaráselle unha copia deste informe á/ás persoa/s que desenvolveran a tarefa de dirección do TFM.

8.10. Excepcionalmente, para a avaliación dos TFM, a Vicerreitoría competente en materia de ordenación académica poderá autorizar, previa solicitude do centro, debidamente xustificada, que a avaliación non se realice por un tribunal. Neste caso, o centro determinará o procedemento de avaliación, que deberá figurar na solicitude de autorización e realizarase dacordo cos criterios de avaliación da guía docente. A xustificación das solicitudes basearase nas características e peculiaridades propias dos planes de estudo, ou por circunstancias excepcionais.